

# PALABRAS POLA PAZ



30 de Xaneiro

## Día Escolar pola Paz

A aprendizaxe da democracia na escola



64 Aniversario da morte de Gandhi (1948-2012)

# **IRMÁN DO VENTO de Manuel Lourenzo**

(... )A segunda guerra do Iraq, a segunda deste cambio de século, rematou a mediados de abril de 2003. Pero non rematou de todo. As guerras nunca rematan de todo, porque, co tempo, as feridas que deixan convértense en sementes doutras guerras. (...)

# **SOLDADO de CELSO EMILIO FERREIRO**

Tiña os ollos azules poboados de preguntas(...)

Abría as maus labregas,  
Que agora empuñaban un fusil,  
E púñase a miralas con atención lenta e teimosa  
(...)



# **O brillo dos elefantes de Fran Alonso**

(...) Ata hai pouco, cando os disparos escachaban o silencio da escuridade nocturna, a mamá incorporábase na súa hamaca e permanecía atenta, intentando distinguir os ruídos. Agora, sen embargo, encóllese sobre si mesma (...) Está demasiado cansa de tanta violencia.(...)

# **SOLDADO de Celso Emilio Ferreiro**



**(...) De súpeto, nos límites lonxanos do  
horizonte**

**Fitou o resplandor dunha cidade en chamas  
Semellante a un remoto mencer amarelo.**

**(...)**

# **Noite de voraces sombras de Agustín Fernández Paz**

(...) Xa non debe quedar ninguén a quen matar,  
ninguén a quen encarcerar. Xa todo debe ser un  
inmenso cemiterio, sobre o que pasean felices  
estes novos bárbaros.(...)

# **SOLDADO de Celso Emilio Ferreiro**

**(...) Queimada carne, pernas,pés, ferraduras...  
Un touro axexante, coma un Minotauro  
perdido  
Nun laberinto de brazos, rostros, pernas, seos  
tumefactos,  
Muxía longamente.  
(apagouse a bombilla)  
(...)**

# **Trala liña do horizonte de Antonio García Teijeiro**



(...) A guerra petaba nos seus corazóns de nenos.  
Non estaba trala liña do horizonte. Achábase  
moito máis preto. Tíñana ao seu carón. A guerra  
espállase sen pedir permiso e entra nas vidas da  
xente cunha cruel naturalidade. (...)

# **SOLDADO de Celso Emilio Ferreiro**


(...) Lóstregos e os derradeiros estoupidos.  
Dempois, nada. Silencio. Un mesto silencio  
De noite nevada ou de terra erma.

(...)



# **Contos da viaxe de Ana Expósito**

(...) Mirela morreu(...) aínda estaba en sara ievo cando sucedeu, pero a certeza da súa morte non lle impide evocala a diario, recompoñer o seu corpo e sentir que con ella ten menos medo, que canda ella a guerra é menos guerra, o son das balas, o estoupido das granadas (...)



# **SOLDADO de Celso Emilio Ferreiro**

(...) O fillo da súa nai estaba morto,  
Gloriosamente morto sobre un charco.  
Tiña os ollos no vento. Preguntaba  
Cunha ollada azul de animal manso.

A stylized, handwritten signature in black ink, likely belonging to Celso Emilio Ferreiro. The signature is fluid and expressive, with a large, sweeping 'P' and 'F' that dominate the left side, and a more delicate, cursive 'er' on the right. The overall impression is one of artistic flair and personal touch.



**GUERNIKA DE PICASSO**